



GUÍA DIDÁCTICA

“O CAMIÑO PORTUGUÉS”

Proxecto realizado durante unha licenza por formación no curso 2023/2024.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Xunta de Galicia.

Itzía Paula Bangueses García.

XUSTIFICACIÓN

- O proxecto “O Camiño Portugués” consta de 7 ODE, cada un dos cales trata un concello polo que pasa esta ruta do Camiño de Santiago e algúns contidos de Ciencias Sociais de 4º de Educación Primaria, aínda que pode ser adaptado a outros niveis.
- Pode ser traballado de xeito autónomo polo alumnado ou poden seguirse as indicacións do/a docente para realizar as tarefas en parellas ou grupos.

OBXECTIVOS

- Desenvolver hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a curiosidade.
- Utilizar dispositivos e recursos dixitais para buscar información e avaliar as aprendizaxes.
- Coñecer algunhas características das principais localidades polas que pasa o Camiño Portugués en Galicia.
- Practicar a lectura comprensiva e a expresión oral en lingua galega.

ODE	OUTROS OBXECTIVOS
1	<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciar o patrimonio natural e o patrimonio cultural. - Amosar respecto polos animais. - Identificar conceptos básicos da seguridade viaria.
2	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender contidos básicos sobre o Universo e a Terra.
3	<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciar os planos dos mapas e entender o que é a escala. - Fomentar o respecto e a igualdade entre homes e mulleres. - Identificar conceptos básicos sobre as TIX e sobre algúns avances científicos e tecnolóxicos.
4	<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciar os distintos instrumentos que se empregan nunha estación meteorolóxica. - Identificar conceptos básicos sobre as zonas climáticas, os tipos de clima e o cambio climático. - Amosar respecto polo noso planeta, responsabilidade ecosocial e interese nun estilo de vida sostible.
5	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar as principais características da Prehistoria e da Idade Antiga . - Identificar conceptos básicos sobre a arte e a cultura na antigüidade. - Familiarizarse cos diferentes medios de pago e con algúns riscos asociados a eles.
6	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar as principais características da organización política de España. - Identificar aspectos básicos da organización territorial de España. - Familiarizarse con conceptos relacionados coa poboación.
7	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar conceptos básicos sobre as pegadas da historia. - Identificar algunhas características da diversidade cultural . - Familiarizarse co concepto de igualdade de xénero e promover actitudes máis inclusivas.

CONTIDOS

- Búsqueda guiada de información, segura e eficiente, en Internet.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa e do esforzo na realización das investigacións.
- A exposición oral, a cooperación e o diálogo.
- Características dos concellos traballados.

ODE	OUTROS CONTIDOS
1	<ul style="list-style-type: none"> - O patrimonio natural e cultural. - A protección dos animais. - Seguridade viaria.
2	<ul style="list-style-type: none"> - O Universo e o sistema solar. A Terra e a Lúa.
3	<ul style="list-style-type: none"> - Os planos, os mapas e a escala. - As Tecnoloxías da Información Xeográfica e Google Maps. - Os avances científicos e tecnolóxicos.
4	<ul style="list-style-type: none"> - Os instrumentos da estación meteorolóxica. - As zonas climáticas e os tipos de clima. - O cambio climático e as súas causas.
5	<ul style="list-style-type: none"> - Características da Prehistoria e da Idade Antiga. - A arte na antigüidade. - O diñeiro e os medios de pago.
6	<ul style="list-style-type: none"> - Características da organización política en España. - A organización territorial en España. - A poboación, os factores de influencia e os sectores económicos.
7	<ul style="list-style-type: none"> - As pegadas da historia. - A diversidade cultural. - A igualdade de xénero en distintos ámbitos.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación Lingüística (CCL).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece algunhas características dos concellos traballados.
- Comprende e lembra os principais conceptos de ciencias sociais traballados.
- Busca información en Internet de xeito eficaz.
- Expón oralmente a información previamente buscada ou traballada.
- Amosa curiosidade, iniciativa e constancia na realización das actividades.

METODOLOXÍA

- Será comunicativa, activa, inclusiva e participativa.
- Terá en conta os intereses do alumnado e a súa realidade máis próxima.
- Fomentará a lectura comprensiva, a expresión oral e o manexo das TIC como ferramenta de aprendizaxe.
- Facilitará oportunidades para a observación e a indagación.
- Estará baseada en xogos para aumentar a motivación do alumnado.

ACTIVIDADES

- Completa o esquema
- Completa o texto
- Sopas de letras
- Verdadeiro ou falso?
- Test de opción múltiple
- Adiviña a palabra
- Atopa as parellas
- Clasifica
- Adiviña o código
- Rosco
- Trivia
- Desafío
- Vídeo interactivo
- Mapa interactivo
- Investiga
- Comenta
- Debuxa
- Lista desordenada

ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

- Para as actividades de investigación:

Recoméndase dividir ao alumnado en grupos base e asignarlle a cada membro do grupo un número. A continuación, xúntanse os alumnos co mesmo número para formar os **grupos de expertos**. Cada un destes grupos terá unha tarefa diferente e investigará un aspecto concreto. Cando dominen o tema, volverán aos grupos base a explicarlle aos demais o que aprenderon.

- Para as actividades de posta en común de ideas previas, experiencias ou opinións:

Recoméndase a **estrutura cooperativa 1-2-4**: Primeiro pensarán de xeito individual, despois traballarán en parellas compartindo as opinións e, por último, en grupos de 4.

- Para as actividades interactivas (escolla múltiple, completar, localizar na sopa de letras, etc):

O alumnado pode traballar de xeito individual ou en parellas heteroxéneas, compartindo ou non os dispositivos.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Para o alumnado que realice as actividades rápido e sen erros**, ofrécense actividades de ampliación e retos.
- **Para o alumnado que teña máis dificultades:**
 - Para facilitar a comprensión inclúense unha barra de accesibilidade BatexeGo, audios para describir os esquemas e pictos para resumir a historia narrada.
 - Moitas actividades ofrecen bastante tempo de resposta e / ou varios intentos para resolvelas.
 - O tipo de actividades repítese para facilitar a comprensión e aumentar a autoestima e a confianza do alumnado.
 - As actividades que poden realizarse en grupo permiten compensar as dificultades.
 - Moitas actividades poden realizarse en parellas heteroxéneas se a/o docente o considera.

AVALIACIÓN E RETROALIMENTACIÓN

A avaliación terá lugar en diferentes momentos:

- **Inicial:** Inclúense unha serie de preguntas ao principio de cada ODE para valorar os coñecementos previos e identificar as dificultades.
- **Formativa:** As múltiples actividades curtas permiten comprobar se os contidos se están interiorizando correctamente.
- **Final:** A través de xogos (rosco e trivia), un desafío, unha serie de preguntas de reflexión e unha rúbrica poden avaliarse as aprendizaxes.

Inclúese un formulario coas preguntas de reflexión e as posibles respostas en dous formatos distintos: Libre Office Writer (editable) e PDF.

Tamén poden empregarse para facer un cuestionario na Aula Virtual ou en Abalarbox.

A/o docente pode ver o traballo e a participación do alumnado, pero os nenos e as nenas tamén poden valorar os seus avances (**autoavaliación**) grazas a que a maioría das actividades ofrecen feedback (indicando os acertos e os erros) e a que se inclúe unha rúbrica.

A/o docente debe **valorar** tamén **a proposta educativa e o desenvolvemento na aula.**